



CONCELLO DE SANDIÁS

C/ CAMPO SAN NICOLÁS Nº 2. C.P. 32692.- SANDIÁS- (OURENSE)
TFNO: 988.46.50.01 FAX: 988.44.60.48

Sandiás, 23 de Novembro de 2015

**MIGUEL ANGEL RODRIGUEZ RODRIGUEZ,
SECRETARIO DO CONCELLO DE SANDIAS**

CERTIFICO:

Que na Sesión que se indica e en relación co asunto que se cita produciuse a seguinte resolución:

21 de Novembro de 2015

PLENO ORDINARIO

4.- CONVENIO MARCO DE COOPERACION DA DEPUTACION DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO A INFORMACION PUBLICA.

"PROPOSTA

Unha vez visto o convenio marco da Deputación Provincial de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de Transparencia e acceso a información pública, propónse o Pleno do Concello de Sandiás adoptar o seguinte acordo:

1.- Aprobar a Adhesión do Concello de Sandiás ao convenio marco da Deputación Provincial de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de Transparencia e acceso a información pública, aceptando expresamente o clausulado do dito convenio.

2.- Transferirlle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal da Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6,7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos términos previstos no dito convenio.

3.- Designar como persoa responsable da execución do convenio a Miguel Angel Rodríguez Rodríguez, Secretario-Interventor do Concello de Sandiás. Non obstante o anterior, facúltase expresamente ao Alcalde/presidente para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta a Pleno.

En Sandiás a 12 de novembro de 2015.

O ALCALDE

Asdo.: Felipe Traveso García."



CONCELLO DE SANDIÁS

C/ CAMPO SAN NICOLÁS Nº 2. C.P. 32692.- SANDIÁS- (OURENSE)
TFNO: 988.46.50.01 FAX: 988.44.60.48

NON se producen intervencións e o Sr. Presidente somete a votación a aprobación da referida proposta quedando esta aprobada por unanimidade dos presentes que representa a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación con 9 votos dos 9 membros presentes que é o número legal de membros da corporación.

E para que conste os efectos oportunos, coa salvedade a que se refire o artigo 206 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, expido a presente na data indicada de orde e con Visto e Prace do Sr. Alcalde.

Vº e Prace
O ALCALDE

Asdo.: Felipe Traveso García.

O SECRETARIO

Asdo.: Miguel Angel Rodríguez Rodríguez